



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

Susana Miranda Fernández, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 10 de xullo de 2025, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 2.- Adopción de acordo de concesión dunha subvención directa, por razóns de interese público e social, ó Club de Regatas de Perillo para a organización das regatas pertencentes á Liga Noroeste de Traiñeiras

“Antecedentes

I.- Con data 22/05/2025 (registro de entrada 2025010626), o **Club de Regatas de Perillo** presenta solicitude para que se lle conceda unha subvención por importe de 17.000,00 euros para o pago dos premios e os gastos de organización das regatas masculina e feminina da Liga Noroeste.

Nas Bases de Execución do Orzamento para 2025 consta unha subvención nominativa de 14.000,00 euros para dita finalidade.

II.- O 06/06/2025, a Quinta Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica emite unha providencia na que ordena que se inicie o procedemento para a concesión dunha subvención directa de 3.000 EUROS ao Club de Regatas de Perillo, en concepto de subvención complementaria da prevista nas BEO.

III.- O 06/06/2025 a Responsable da Unidade Xurídica emite informe xurídico relativo ao procedemento e ao contido necesario do acordo de concesión.

IV.- O 09/06/2025 o Técnico Municipal de Deportes emite informe-proposta de concesión.

Fundamentos

1º.- No informe do Técnico Municipal de Deportes consta a seguinte motivación e fundamentos (Sic.):

“I.- Exposición de motivos

A planificación do deporte municipal en Oleiros ten o seu eixo vertebrador en dúas liñas de actuación que podemos considerar como base na que se fundamenta a política deportiva local. Por unha parte o desenvolvemento de programas propios de actividades físicas e deportivas e por outra parte a xestión de instalacións deportivas que dan soporte ás estruturas dos clubs deportivos. Ambas son unha garantía para consolidar os eidos da formación deportiva, a saúde e a competición tanto a nivel federado como popular.

Sen embargo, existe unha terceira vía que forma parte tamén dos sistemas deportivos locais, que son as actuacións que se promoven desde a iniciativa do propio tecido asociativo, fundamentalmente clubs deportivos.

A iniciativa de clubs e asociacións deportivas que promoven e realizan múltiples eventos, non só teñen a finalidade de enriquecer os calendarios de competición de distintas modalidades, senón que tamén teñen repercusións e beneficios desde o punto de vista turístico e comercial, e polo tanto teñen tamén un potencial retorno económico para os concellos.

II.- Antecedentes

1.- As Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2025 recollen no artigo 28.9 as subvencións nominativas que se prevén para o presente exercicio, entre as cales están as seguintes:

Partida	Beneficiario	Importe (€)	Finalidade/Obxecto
81.341.48901	CD Mariñeiro de Mera.	6.000,00 €	Contribuír ao custe de organización da regata da liga galega na súa categoría (masculina). Abonarase o importe do gasto realmente xustificicado, cun máximo de 6.000,00 euros.





CONCELLO DE
OLEIROS

81.341.48901	Club de Regatas de Perillo.	14.000,00 €	Contribuír ao custe de organización das regatas da liga galega nas súas categorías masculina e feminina. Abonarase o importe do gasto realmente xustificado, cun máximo de 14.000,00 euros.
--------------	-----------------------------	-------------	--

2.- En data 15/05/2025, con rexistro de entrada 2025010003, o Club de Regatas de Perillo, presenta un escrito no que comunica que o 19/07/2025 se celebrará a regata da LIGA NOROESTE DE TRAIÑEIRAS, en diante LNT.

3.- Con data 22/05/2025, rexistro de entrada 2025010626, o mesmo club presenta solicitude para que se lle conceda unha subvención por importe de 17.000,00 € para o pago dos premios e os gastos de organización de ambas regatas (masculina e feminina).

O detalle dos gastos é o seguinte:

✓ Premios a repartir entre as tripulacións participantes:

- 4.000,00 € na Liga B Masculina.
- 9.000,00 € na Liga Feminina.

✓ Gastos organizativos da regata (segundo custos do ano 2024):

- Balizamento: 840,00 €
- Aluguer de embarcacións para arbitraje e entrega de bandeiras: 620,00 €.
- Arbitraje: 520,00 €.
- Ambulancia medicalizada: 450,00 €.
- Seguridade no mar Cruz Vermella: 360,00 €.
- Retransmisión na TVG2: 1.210,00 € (novidade para 2025).

4.- Xunto coa solicitude, achega a seguinte documentación:

✓ Declaración responsable de non estar incurso en incompatibilidades, atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade Social, e de cumprir o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

✓ Normativa de Competición para 2025 da LNT onde se establecen os premios a conceder.

5.- Por parte da Responsable da Unidade Xurídica foi emitido informe en data 06/06/2025, e incorporados ao expediente os certificados de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e o Concello de Oleiros.

Fundamentos

1º.- Os importes que constaban nas Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, correspóndense integramente coas cantidades que se outorgaron como premios nas regatas do ano 2024, por ser o dato que coñecemos no intre de propoñer o orzamento para 2025.

2º.- Á vista das tripulacións inscritas na Liga, resulta que o Club de Regatas de Perillo competirá na LIGA B masculina, e na Liga feminina.

3º.- A asociación de Clubs da LNT, determina anualmente a cantidade dos premios en función do número de tripulacións participantes. Para o ano 2025, a normativa de competición establece o seguinte no seu artigo 2.13:

“As regatas que forman parte da LGT deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) O premio mínimo para a Liga A serán 9.000€. O premio mínimo para as regatas de Liga B oscilará segundo o seu número de participantes, deste xeito: ≥ 10 clubs = 6.000€, 9 a 7 clubs = 5.000€, ≤ 6 clubs = 4.000€. Os premios para a Liga Feminina serán os mesmos que os dos primeiros clasificados da Liga A masculina. Así, o 1º clasificado da Liga Feminina cobrará o mesmo que o 1º clasificado da Liga A e así sucesivamente. O premio da Liga Feminina será a suma dos premios correspondentes desde o 1º clasificado ata o número total de





CONCELLO DE OLEIROS

tripulacións participantes. Cando a categoría feminina estea completada por un número de 12 clubs o premio mínimo será entón de 9.000€."

4º.- Os datos de tripulacións inscritas coñecéronse o 10 de marzo, data na que rematou o prazo de inscrición de tripulacións segundo a Normativa de Competición da Liga Noroeste de Traiñeiras.

En dito proceso de inscrición, deron conta para 2025 da participación de 11 clubs coas súas tripulacións femininas (en 2024 foran 7 tripulacións). Este incremento provoca a necesidade de elevar as cantidades previstas inicialmente para premios.

Por outra parte, para 2025 está previsto que ambas regatas (masculina e feminina) se retransmitan en directo por TV, cuestión que leva consigo tamén un incremento en gastos de organización.

5º.- A realización da regata de Traiñeiras é un evento que ten especial interese para o Concello, polos seguintes motivos:

A competición oficial de traiñeiras en Galicia, é a Liga Noroeste de Traiñeiras (LNT), coa participación de todos os clubs galegos e asturianos. Para participar nesta competición é de obrigado cumprimento que cada club achegue ao calendario de competición da LNT a organización dunha bandeira (regata), e polo conseguinte, asuma tamén todos os gastos de organización das mesma, desde os premios económicos aos clubs participantes ata os gastos propios da loxística organizativa, incrementada este ano polo feito de que as regatas (masculina e feminina) serán retransmitidas pola TVG. A precaria situación económica pola que pasan moitos dos clubs de remo, non lles permite na maior parte dos casos afrontar polos seu propios medios os custes de organización da súa regada, polo que habitualmente é a administración a que se fai cargo dos mesmos.

As traiñeiras son unha modalidade de remo de banco fixo, un deporte tradicional moi arraigado a moitas localidades mariñeiras de Galicia e de todo o cantábrico. Moi vencellado á cultura do mar e na antigüidade un método de pesca. No caso de Oleiros, a pesares de que toda esa cultura do mundo mariñeiro está a minguar con enorme rapidez, é un concello aberto ao mar, e segue a ser de gran interese para a política deportiva municipal apoiar aos clubs de remo locais para que manteñan a súa actividade, as súas competicións e promocionen un dos deportes que mellor representan a cultura do esforzo, da superación persoal e do traballo en equipo; un deporte de cooperación."

2º.- Con dita motivación como base, propón conceder unha subvención por razón de interese social a favor do CLUB DE REGATAS DE PERILLO, con CIF G15064181, por importe de 3.000,00 € complementando a subvención nominativa que estaba prevista nas Bases de Execución do Orzamento, coa finalidade de contribuír ao custe de organización das regatas da liga galega nas súas categorías masculina e feminina con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48901.

Na súa proposta inclúese o contido do acordo de concesión, en cumprimento da normativa vixente.

3º.- Incorporáronse ao expediente os certificados de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e o Concello de Oleiros.

Con base no anteriormente exposto, **PROPONSE á Xunta de Goberno Local:**

Primeiro.- Conceder ao CLUB DE REGATAS DE PERILLO, con C.I.F. G-15064181, con enderezo en Avda. das Américas, 33 – 15172 Perillo (Oleiros), unha subvención por interese público e social, por importe de **3.000,00 euros**, complementando a subvención nominativa que estaba prevista nas Bases de Execución do Orzamento, coa finalidade de contribuír ao custe de organización das regatas da liga galega nas súas categorías masculina e feminina con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48901.

Segundo.- Autorizar e dispor un gasto un gasto de **3.000,00 euros** para o fin sinalado no parágrafo anterior.

Terceiro.- As condicións desta subvención son as seguintes:

a) Compatibilidade: Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

b) Pagamento: Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación que se especifica a continuación, despois do cal a garantía retida será liberada e aboada á entidade beneficiaria.





CONCELLO DE
OLEIROS

c) Obrigas da entidade subvencionada:

- ✓ Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
- ✓ Publicidade: Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros, sinalando o importe e o concepto. A estes efectos, deberá publicitar na súa páxina web a concesión da subvención, concepto e importe no momento que o coñezan. Asemade, deberá incluír como elemento sinalizador na propia realización da proba, unha pancarta (ou elemento semellante) co texto “actividade subvencionada polo Concello de Oleiros”, acompañada na mesma do logotipo municipal. Dita pancarta deberá de ter unhas dimensións mínimas de 3 m x 1 m., e o seu coste correrá a conta do Club beneficiario.

d) Xustificación: O prazo de xustificación das axudas serán de dous meses contados a partir do día da celebración das probas (regata/bandeira).

✓ A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:

- Memoria detallada da realización da actividade.
- Declaración responsable do Presidente de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e de que o importe da axuda non excede de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
- Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- Acreditación da publicidade feita.- enlace á web onde conste a publicidade e fotografías do evento onde se vexan as pancartas.
- Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e o xustificante de telos aboado.
- Recibos orixinais ou copias compulsadas xustificativas do pagamento dos premios aos clubs participantes no evento, mediante os que se acredite o uso dos fondos concedidos. Nos recibos deberán constar os seguintes datos: datos completos do pagador (nome, enderezo e CIF), datos completos do perceptor do premio (ídem), importe pagado, concepto (premio en función do posto acadado na clasificación da regata), lugar, data e sinatura.

Cuarto.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figura na propia sinatura deste documento.-

